



DATOS IDENTIFICATIVOS

Socioloxía: Socioloxía xeral

Materia	Socioloxía: Socioloxía xeral			
Código	P07G092V01108			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública (Presencial)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Torres Outón, Sara María			
Profesorado	Torres Outón, Sara María			
Correo-e	saratorres@uvigo.es			

Web

Descrición xeral Con esta materia perséguese non só formar senón sensibilizar ao alumnado en cuestións básicas do saber sociolóxico. Calquera profesional que preste servizos a través da administración pública ou entidades privadas, debe comprender e poder analizar como as estruturas e relacións interferen na vida cotiá grupos e persoas, e organizacións. A realidade social ha de entenderse sabendo que o comportamento humano e os procesos sociais responden a normas de comportamento socialmente compartidas e valores culturais predominantes. Aplicaranse os coñecementos (conceptos, teorías, etc.) a situacións ou problemas reais actuais, polo que nesta materia terán cabida noticias, debates e cuestións sobre temas de actualidade.

Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B2	Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima
B3	Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares
B5	Razonar criticamente
B6	Aplicar o coñecemento relacionado coa dirección e xestión pública na práctica
C4	Analizar o comportamento dos actores e procesos políticos e sociais e aplicar as técnicas de comunicación política
C5	Describir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía
C15	Identificar as consecuencias que a toma de decisións e os actos dos servidores públicos teñen sobre as persoas e a sociedade. Particularmente, na solución de problemas éticos e morais, dentro da área da xestión e administración pública.

D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira
D3	Sensibilizarse con temas medioambientais
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma
D6	Adaptarse a novas situacións

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
2. Identificar as principais perspectivas teóricas e prácticas dende as que se afronta a análise social.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C5	D5
	A3	B3	C15	D6
	A4	B5		
	A5	B6		
3. Recoñecer os principais conceptos relacionados coa desigualdade social e as principais institucións que dan lugar aos sistemas de estratificación social.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C5	D2
	A3	B3	C15	D5
	A4	B5		D6
	A5	B6		
4. Analizar as características fundamentais das desigualdades sociais.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C5	D2
	A3	B3	C15	D5
	A4	B5		D6
	A5	B6		
5. Aplicar os distintos procedementos e indicadores empregados na comparación dos sistemas de estratificación social.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C5	D2
	A3	B3	C15	D5
	A4	B5		D6
	A5	B6		
6. Avaliar as consecuencias das desigualdades sociais.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C5	D2
	A3	B3	C15	D5
	A4	B5		D6
	A5	B6		
7. Comparar os distintos tipos de organizacións.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C5	D2
	A3	B3	C15	D5
	A4	B5		D6
	A5	B6		
8. Ilustrar as distintas formas de toma de decisións, distribución de poder e participación nas organizacións.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C5	D2
	A3	B3	C15	D5
	A4	B5		D6
	A5	B6		
9. Avaliar o impacto da globalización e as tecnoloxías da comunicación nas organizacións.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C5	D2
	A3	B3	C15	D3
	A4	B5		D5
	A5	B6		D6

Contidos

Tema	
1. Introducción á Socioloxía:	1.1. Individuo e sociedade. 1.2. Socialización e cultura. 1.3. O debate das perspectivas teóricas.
2. Estrutura social, desigualdades e estratificación social:	2.1. As consecuencias das desigualdades sociais nas sociedades contemporáneas.
3. Socioloxía das organizacións:	3.1. Grupos, organizacións e sociedade rede. 3.2. Cultura e modelos organizativos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	28	58
Cartafol/dossier	1	6	7
Resolución de problemas de forma autónoma	9	30	39

Traballo tutelado	4	12	16
Exame de preguntas obxectivas	2	28	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Cartafol/dossier	O/A estudante irá recollendo evidencias dos exercicios individuais realizados gardando un dossier con evidencias do traballo realizado, valoración das competencias alcanzadas e, de selo caso, propostas de mellora.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado recibirá indicacións nas clases e en MOOVI sobre a materia obxecto de estudo, así como recomendacións sobre documentación de interese (lectura e/ou audiovisuais) que responda á material complementario ofrecido polo profesorado ou en resposta ás demandas formuladas (isto é, pode ser individual ou do colectivo de estudantes)
Traballo tutelado	O alumnado recibe indicacións sobre o desenvolvemento da proba e atención persoalizada para resolver dúbidas e guiar o traballo.
Resolución de problemas de forma autónoma	Asesoramento e atención tras a realización da lección maxistral, tanto sobre indicacións da tarefa como asistencia durante o seu desenvolvemento
Cartafol/dossier	O alumnado recibirá indicacións sobre a información que ha de plasmar neste dossier individual.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Cartafol/dossier	Os exercicios individuais formarán parte do cartafol do alumnado, nel recolleranse as evidencias do traballo realizado e valoración das competencias alcanzadas.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B6	C4	D1 D2
Resolución de problemas de forma autónoma	Participación na aula. Ideonidade da intervención (claridade na exposición, argumentación, comunicación oral)	35	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B5	C4 C5 C15	D1 D2
Traballo tutelado	Ideonidade da proposta, claridade na exposición, argumentación, redacción. Adecuación ás condicións do traballo.	15	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B5 B6	C4 C5 C15	D1 D2 D5 D6
Exame de preguntas obxectivas	Preguntas tipo test de elección múltiples e preguntas curtas sobre contidos teóricos e de aplicación do coñecemento.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B5	C15	D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

EVALUACIÓN CONTINUA E EVALUACIÓN GLOBAL

A priori enténdese que todo o estudiantado segue a avaliación continua, cuxo compromiso adquirese coa participación nas actividades de avaliación. Aquela persoa que desexe presentarse a unha única proba na data oficial (avaliación GLOBAL)

debe comunicalo segundo indica a normativa durante o primeiro mes desde que comeza o curso. A avaliación GLOBAL constará dunha proba final xeral coa que é posible medir todas as competencias, por iso a proba será diferente á do estudantado de avaliación continua. A cualificación final do estudantado de avaliación continua será a media das cualificacións acadadas nas actividades realizadas nos Grupos Reducidos (60% da nota final) e no exame final. Para calcular a nota media é obrigatorio alcanzar unha puntuación mínima de 4 puntos nas actividades dos Grupos Reducidos e no exame. Se nalgunha destas partes non se chega aos 4 puntos, a nota que constará na avaliación será suspensión coa nota numérica que corresponda unha vez obtida a media entre ambas partes, agás no caso de ser superior a 5, no que se outorgará unha puntuación de 4,9. A persoa que non se presente ao exame constará como Non Presentado, aínda que entregara actividades de avaliación continua. Respecto ás actividades realizadas nos Grupos Reducidos, a ponderación repártese de:

- Dossier (10%): portafolio individual con evidencias das probas desenvolvidas e reflexión sobre o desenvolvemento de cada actividade en termos de competencias desenvolvidas e coñecementos adquiridos, e proposta de mellora para que a actividade contribuíse de forma máis axeitada ao proceso de aprendizaxe.
- Estudo de caso (35%): conxunto de actividades desenvolvidas nos grupos reducidos con intercambio de ideas, exposición e debate na aula.
- Traballo tutelado (15%): consiste na elaboración dun informe no que será posible avaliar unha parte de análise individual (7,5% da nota) e outra parte do traballo conxunto realizado en grupo (7,5%).

A asistencia ás clases, así como a actitude, boa disposición e participación nas mesmas terase en conta positivamente para o rendemento e matrícula de honra.

APRENDIZAXE BASEADO EN PROXECTOS

De forma voluntaria, o estudantado pode substituír a metodoloxía/proba "traballo tutelado" por "aprendizaxe baseado en proxectos". En lugar de desenvolver un pequeno proxecto de investigación a través de fontes primarias ou secundarias, continuarán co traballo realizado con esta metodoloxía na asignatura Gobernanza, Globalización e Dereitos Humanos. A proposta do estudantado e despois de establecer obxectivos e procedementos autorizados polo docente, é posible aplicar esta metodoloxía a outro proxecto.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Durante o mesmo curso académico, manteranse as notas das probas superadas na primeira convocatoria (ordinaria) para a segunda convocatoria (extraordinaria). Poderanse entregar probas non realizadas ou suspensas, hágas aquelas que se realizaron na aula e nonexa posible recuperar a puntuación relativa á participación e asistencia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Macionis, J., **Sociología**, 4ª ed., Pearson, 2011

Bibliografía Complementaria

Giddens, A. y Sutton, P.W., **Conceptos esenciales de sociología**, 1º ed, Alianza Editorial, 2015

Giddens, A. y Sutton, P.W., **Sociología**, 7ªed, Alianza, 2014

Requena, M.; Salazar, L. y Radl J., **Estratificación social**, 1º ed, McGraw-Hill, 2013

Giddens, A., **Sociology**, 1º ed, Cambridge : Polity Press, 1989

Macionis, J. & Plumer, K., **Sociology**, 5º ed, Pearson, 2012

Recomendacións

Outros comentarios

A información sobre as actividades avaliativas está dispoñible no espazo da materia no campus virtual, baixo a etiqueta Avaliación de cada tema.

O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria extraordinaria (segunda convocatoria) a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colgado da plataforma.

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispoñer dunha FOTOGRAFÍA actualizada* do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

(*) A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPd no que o

tratamento é necesario para o exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.
